

RESOLUCIÓN da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería do Mar pola que se declara vacante unha (1) praza na convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS no permiso de explotación en embarcación ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico poliquetos, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín.

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico Poliquetos (PE410A 2021/28-1), modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín, é o primeiro ano que a confraría de Porto do Son presenta este plan en conxunto coa confraría de Portosín, establecéndose un número máximo de participantes de 4 embarcacións (3 de Porto do Son e 1 de Portosín) e 8 mergulladores (6 de Porto do Son e 2 de Portosín).

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade na confraría de Porto do Son para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións con poliquetos no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é na actualidade de 2 embarcacións e 4 habilitacións.

2. O 09.03.2022, a confraría de pescadores de Porto do Son, entidade representante do plan, solicitou a esta xefatura territorial (Entrada Núm. 2022/623517) o inicio da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade no permiso de explotación a 2 embarcacións (1 embarcación da confraría de Porto do Son e 1 embarcación da confraría de Portosín).

3. O 13.10.2022 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Poliquetos a 2 embarcacións con 2 cotas para mergulladores/embarcación (4 habilitacións en total), para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión conxunto de Poliquetos das Confrarías pescadores de Porto do Son e Portosín, de acordo co reparto de participantes por confraría establecido no plan de xestión aprobado e estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes.



4. O 13.12.2022 esta xefatura territorial ditou resolución pola que se publicou a lista definitiva da embarcación seleccionada na convocatoria do proceso selectivo, outorgando un prazo de quince (15) días hábiles para que a embarcación seleccionada presentase a documentación requirida. O número de embarcacións participantes admitidas e seleccionadas (1) foi inferior ao número de prazas convocadas (2) para o outorgamento da modalidade.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos.

2. O proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Poliquetos convocado mediante a resolución do 13.10.2022 realízase para dúas (2) embarcacións con catro (4) cotas, coa única asignación posible de 2 cotas por embarcación, de conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso de Poliquetos das citadas entidades e co reparto de ampliación establecido por confraría:

- Porto do Son: 1 embarcación con 2 habilitacións
- Portosín: 1 embarcación con 2 habilitacións

3. A resolución do 13.12.2022 pola que se publicou a lista definitiva seleccionou á única embarcación presentada para obter a modalidade de poliquetos, no ámbito da Confraría de pescadores de Portosín, non presentándose ningunha embarcación á praza convocada pola Confraría de pescadores de Porto do Son. Transcorrido o prazo para a presentación da documentación correspondente e cumpridos os requisitos esixidos, outorgóuselle a modalidade de poliquetos coa asignación de 2 cotas para tripulantes habilitados no permiso de explotación

4. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Declarar vacante unha (1) praza na Confraría de pescadores de Porto do Son, para a obtención da modalidade de POLIQUETOS no permiso de explotación de embarcación e 2 cotas para tripulante habilitado, ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico Poliquetos, mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter



informativo, no taboleiro de anuncios da Delegación Comarcal da Consellería do Mar de Ribeira e no taboleiro de anuncios das entidades titulares do plan de xestión.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícaselle ás confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín, como entidades titulares -titular do plan de xestión conxunto, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

